

Decreto.

O Concello de Brión convocou no seu día, BOP do 18.05.2021, DOG do 10.06.2021, BOE do 20.07.2021 e taboleiro de edictos do Concello e páxina web municipal, unha praza de funcionario de carreira de técnico de administración local, incluída na oferta de emprego público do Concello de 2019 (BOP do 27.12.2019, con corrección de erros publicada no BOP do 17.02.2020), pertencente ao grupo A, subgrupo A2, encadrada na Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, baixo a denominación técnico de administración local.

Rematado o procedemento selectivo de concurso - oposición o día 14.01.2022, o tribunal acordou:

1º) Declarar aprobada á aspirante María Dolores Torrado Ares, por ser a aspirante que obtivo a maior puntuación, propoñendo á alcaldía a seu nomeamento como funcionaria de carreira, quen deberá presentar no prazo de vinte días naturais desde a publicación da acta desta sesión a documentación establecida na base 12 da convocatoria.

2º) Consonte co disposto na base 16 os/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio sen chegar a obter praza, serán incluídos nunha lista de agarda para a provisión temporal de postos, pola orde da súa puntuación anteriormente reflexada, por se fose necesario cubrir baixas, renuncias ou calquera outra situación no Concello no posto para o que se presentaron.

3º) Publicar a acta desta sesión no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web para xeral coñecemento.

Resultando que a acta da sesión foi publicada na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello con data 18.01.2022 e que a interesada presentou con data 02.02.2022 a documentación sinalada na base 12ª da convocatoria.

Considerando que é competencia desta alcaldía o nomeamento dos funcionarios propios da corporación, segundo o establecido no art. 21.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, resolvo:

1º) Nomear funcionaria de carreira deste Concello a María Dolores Torrado Ares, DNI: ***7937**, para a praza de técnico de administración local.

2º) Facer público o nomeamento no DOG, no BOP, na web municipal www.concellodebrion.gal e no taboleiro de edictos do Concello.

3º) A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo dun mes, contado desde a publicación do seu nomeamento no DOG, de conformidade co previsto no art. 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

4º) Que se notifique á interesada a presente resolución.